

**PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

<b>NUMERO EXPEDIENTE</b>	2024042670
<b>ASUNTO</b>	SUBMINISTRACIÓN INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DE CATRO ANALIZADORES AUTOMÁTICOS DE ANÁLISE DE FIBRA BRUTA, FIBRA NEUTRO DETERXENTE E FIBRA ACEDO DETERXENTE ACORDO COS MÉTODOS OFICIAIS DE REFERENCIA (ISO, AOAC)
<b>TRÁMITE</b>	Incoación do expediente

**O Deputado Delegado da Finca Mouriscade, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA**

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

## 1. NECESIDADE E IDONEIDADE

### ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscade situada no termo municipal de Lalín.

A Finca de Mouriscade ten como fins dar respostas a moitas das necesidades do sector primario. Este centro conta cun laboratorio que realiza análises de pensos, materias primas e forraxes para alimentación animal; así como as análises de augas e a identificación de xerme en mostras de leite. Á súa vez desenvolve programas con entidades públicas e privadas.

Cos análises de alimentación animal efectuados no laboratorio da Finca Mouriscade búscase mellorar as condicións do sector primario; xa que permite que as racións nutricionais sexan máis eficientes, de mellor calidade e incrementar a produción. Co isto mellóranse as condicións económicas dos gandeiros e facilitando a fixación de poboación no rural. O laboratorio leva efectuando análises dende fai moitos anos, polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar os nosos servizos as cambiantes necesidades do sector.



Nas actividades desenvolvidas na Finca de Mouriscade perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

## **XUSTIFICACIÓN DO GASTO**

### **Situación actual:**

Nas racións nutricionais dos animais son fundamentais os parámetros de Fibra Bruta, Fibra Neutro Deterxente e Fibra Acedo Deterxente en mostras de forraxes, pensos e materias primas, sendo estes moi demandados polos usuarios do laboratorio.

Nestes momentos estes parámetros analízanse con equipos moi antigos e desgastados polo seu uso, estando sometidos a un ritmo moi alto de traballo polo que a súa frecuencia de mantemento e alta ademais de sufrir numerosas e custosas avarías ao longo do ano, incluso algúns dos repostos están descatalogados. Tampouco dan a cobertura adecuada ao gran número de mostras recibidas e ocupan unha gran demanda de tempo de atención o operar de forma manual.

Como consecuencia disto, estes equipos están con un risco de elevada obsolescencia, sendo estes equipos básicos no traballo diario.

### **Solución proposta :**

Coa finalidade da renovación dos equipos para a determinación de Fibra Bruta, Fibra Neutro Deterxente e Fibra Acedo Deterxente é necesario a adquisición catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente acordo cos métodos oficiais de referencia (ISO, AOAC):

Estes equipos permitirían optimizar a obtención de resultados mellorando a exactitude e reproducibilidade dos mesmos, xa que:

- Acurta os tempos de análise.
- Axilizan os controis de calidade.
- Ao ser equipos automáticos permiten a mellora na eficacia dos procesos requirindo un tempo mínimo de uso permitindo os analistas quedar liberados para realizar outras tarefas
- Simplifican os procedementos de ensaio ao ser equipos novos.
- Aumenta a fiabilidade e produtividade.



Atendendo ao obxecto desta contratación, a Deputación de Pontevedra non dispón do persoal adecuado nin dos medios técnicos necesarios para a elaboración destes equipos motivo polo que unicamente se pode recorrer a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de subministracións.

## 2. SERVIZO SOLICITANTE:

Medio Ambiente	
<b>Responsable do contrato:</b>	A xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.
<b>Responsable da Administración:</b>	A xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.

## 3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES:

<b>Denominación do contrato:</b>	Subministración instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente acordo cos métodos oficiais de referencia (ISO, AOAC) para laboratorio da Finca Mouriscade.	
<b>Obxecto e contido:</b>	Sistema de análise totalmente automatizada para a determinación de Fibra Bruta, Fibra Acedo Deterxente e Fibra Neutro Deterxente, no que a intervención do analista minimízase ao máximo. O sistema debe constar de 4 analizadores que permitan a análise totalmente automática de polo menos 6 mostras individuais simultaneamente en cada analizador. O funcionamento dos equipos deben ser desatendido a nivel de usuario desde a colocación do crisol coa mostra ata a fase de enxaugue e escorrido previo ao secado en estufa podendo traballar fóra de quendas. As características técnicas e de servizo de instalación e postventa destes equipos son as que se definen no prego técnico.	
<b>CPV:</b>	<b>38000000 - Equipo de laboratorio, óptico y de precisión (excepto gafas)</b>	
<b>Lotes</b>	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes:



	X NON:	Xustificación: A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución dende o punto de vista técnico
--	--------	--

#### 4. TRAMITACIÓN PROPOSTA:

Tramitación proposta:	X ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <div style="border: 1px solid black; height: 60px; width: 100%;"></div>
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI    X NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input type="checkbox"/> SI    x NON

#### 5. FINANCIACIÓN:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	410.4120.623.01	108.900,00 €

#### 6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN:

Prazo de execución/duración do contrato:	O prazo de execución do contrato é de 70 días, a contar dende a súa formalización.
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI    X NON Número de prórrogas: Duración de cada prórroga:



## 7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

CONCEPTO	CUSTO
1. Custo	90.000,00 €
2. IVE	18.900,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>108.900,00 €</b>

## XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS

Os prezos utilizados para levar a cabo esta estimación fixéronse de acordo cos actuais prezos de mercado, entendendo incluídos os gastos de entrega e transporte, tal e como recolle o artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e tomando como referencia as distintas empresas que operan no sector.

## 8. RÉXIMEN DE PAGOS:

O pagamento do contrato realizarase de forma total.

O contrato finalizará coa firma da acta de recepción dos equipos fornecidos, no que se constante a correcta execución do contrato.

## 9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	<input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)



## 10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA:

Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI : Especificación e explicación:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON

### SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA

O aplicable en defecto de previsión

<input type="checkbox"/> Outros	<b>Determinación:</b>
	<b>Xustificación:</b>
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)

### SOLVENCIA TÉCNICA

O aplicable en defecto de previsión

<input type="checkbox"/> Outros	<b>Determinación:</b>
	<b>Xustificación:</b>
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)

### COMPROMISO DE MEDIOS

A empresa adjudicataria deberá realizar as tarefas máis esenciais do contrato con persoal propio, tales como: a instalación do equipo, do software e a posta marcha e formación; realizando as probas pertinentes que demostren o seu correcto funcionamento.

Respecto as tarefas de instalación, formación e servizo técnico postventa deberase demostrar documentalmentemente a capacidade da empresa subministradora de cumprir coas especificacións de servizo de obrigado cumprimento detalladas no prego técnico.

## 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

<b>Criterio:</b>	A presente licitación adjudicarase á mellor oferta tendo en conta un único criterio de valoración: o prezo.
<b>Xustificación:</b>	A xustificación dun único criterio de adjudicación, das ofertas que se presenten, fundamentase en base a que "os produtos a



adquirir están perfectamente definidos, non sendo posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante na adxudicación". En base ao artigo 145.3 f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

## 12. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

As empresas licitadoras deberán presentar documentación con información suficiente dos equipos a subministrar recollido no prego, e indicar a maiores:

- Nome do fabricante.
- Descrición dos analizadores a subministrar e características técnicas
- Fotografías dos elementos.
- Ano de lanzamento do produto ao mercado
- Documentación acreditativa en forma de compromiso de adscrición de medios para demostrar a capacidade de cumprir as especificacións de servicio de obrigado cumprimento detalladas no prego técnico para os servicios de instalación, formación e servicio técnico dos analizadores subministrados.

## 13. PENALIZACIÓNS:

As previstas nos pregos administrativos

## 14. OUTRAS CLAÚSULAS:

Na subministración dos equipos que deberán realizar a/as empresa/as adxudicataria/as efectuarase de acordo coas seguintes condicións:

- No prezo ofertado polos licitadores debe estar incluído os gastos de transportes o lugar de destino, ademais do IVE calquera outro imposto adicional se o houberse, seguros e calquera outra carga imputable.
- Todos os artigos subministrados deberán cumprir as especificacións que se indican.
- Para a entrega das subministracións, a/as empresa/as adxudicatarias/as deberán cumprir o horario que el laboratorio petionario indique.
- A/as empresa/as adxudicatarias coidarán de que na entrega non produzan danos nin fugas de produto, facéndose responsable dos danos ocasionados si os houberse.



- O adxudicatario comprométese a enviar a subministración as instalacións do centro:  
Deputación de Pontevedra  
Finca Mouriscade  
Vilanova s/n  
36515 Lalín  
Pontevedra

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. – Que por Resolución Presidencial número 2023006130, de 2 de agosto do 2023, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2023006250, de 8 de agosto do 2023, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas

#### **Dispoño,**

Primeiro.-Iniciar ou expediente para a contratación de subministración instalación e posta en marcha de catro analizadores automáticos de análise de fibra bruta, fibra neutro deterxente e fibra acedo deterxente acordo cos métodos oficiais de referencia (ISO, AOAC) por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

Asinado electrónicamente ao marxe.

